

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ROZA EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO DURANTE O ANO 2015 (EXP 20-2015). APERTURA DAS OFERTAS ECONOMICAS

Sendo as 10:15 horas do día 24 de xullo de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei e actuando como vocais:

Don Pablo López Paz, Titular da Asesoría Xurídica, dona Elva Anido Anido, en substitución do Interventor Xeral; María García Ferro, Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria); don Pablo Fuentes Failde, Xefe do Servizo de Enxeñería e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Atopase presente no acto don Manuel Blanco Trigo en representación da mercantil T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO S.L

Abre a sesión a Sra Presidenta, informando que tódalas empresas presentadas foron admitidas a licitación; procedendo a continuación á apertura do sobre B) que contén a oferta económica relativa ós criterios de adxudicación avaliábeis automaticamente co seguinte resultado:

- 1.- **DESBROCES MÉNDEZ E HIJOS S.C**, propón como prezo por quilómetro **114,85 euros** mais o 21% de IVE (24,11 euros) o que fai un importe total de **138,96 euros** IVE incluído.
- 2.- **HEBLATRI S.L**, propón como prezo por quilómetro **147,00 euros** mais o 21% de IVE (30,87 euros) o que fai un importe total de **177,87 euros** IVE incluído.
- 3.- **T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO S.L**, propón como prezo por quilómetro **123,75 euros** mais o 21% de IVE (25,98 euros) o que fai un importe total de **149,73 euros** IVE incluído.
- 4.- **DEFORGAL XXI, S.L**, propón como prezo por quilómetro **115,00 euros** mais o 21% de IVE (24,15 euros) o que fai un importe total de **139,15 euros** IVE incluído.
- 5.- **GRUPO SIFU GALICIA, S.L**, propón como prezo por quilómetro **140,17 euros** mais o 21% de IVE (29,44 euros) o que fai un importe total de **169,61 euros** IVE incluído.

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: DESBROCE PISTAS 2015


Asunto: APERTURA OFERTAS ECONOMICAS

A vista do cal se calcula no momento a existencia ou non de ofertas que se poidesen considerar anormais ou desproporcionadas, e dado que non existe ningunha oferta nesa situación os membros da mesa acordan seleccionar como oferta economicamente máis ventaxosa a presentada pola mercantil **DESBROCES MENDEZ E HIJOS, S.C** que propón como prezo por quilómetro **114,85 euros** mais o 21% de IVE (24,11 euros) o que fai un importe total de **138,96 euros** IVE incluído.

Asimesmo acordan requirir á sinalada mercantil, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, presente os certificados de non ter débedas de carácter tributario ca Axencia Tributaria e ca Tesourería Xeral da Seguridade Social, **documentación xustificativa que permita acreditar a disposición efectiva dos medios materiais que se comprometeu a adscribir** para a execución do contrato, para isto deberá xuntar a correspondentes fichas técnicas dos tractores que permitan comprobar as características técnicas esixidas e fotografías recentes dos ditos vehículos; así como ter constituída unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE que se eleva a cantidade de 4.019,75€

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 10:45 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE
Asdo: Xosé Manuel Cao Rei



A SECRETARIA
Asdo: Ana Tabares Martínez